



## **PROPOSTA DE PROTOCOLO DE COLABORACIÓN PARA A RECUPERACIÓN DOS PEIRAOS INTERIORES DA CORUÑA**

### **REUNIDOS**

Concello da Coruña  
Xunta de Galicia  
Autoridad Portuaria de A Coruña  
Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF)  
Puertos del Estado

Os comparecentes recoñécense capacidade para este acto e

### **MANIFESTAN**

1º.- A posta en funcionamento do Porto Exterior de Punta Langosteira e o progresivo traslado de parte das instalacións comerciais que hoxe aínda ocupan os peiraos interiores da Coruña ofrecen unha oportunidade extraordinaria para a cidade e para o propio porto. A recuperación dos terreos portuarios que se inclúen nos convenios asinados o 2 de febreiro e o 4 de outubro de 2004, e que abarcan os peiraos de Calvo Sotelo, Batería e San Diego, permite deseñar as bases dun novo horizonte litoral, contando coa imprescindible participación pública da cidadanía. A configuración dos usos dos peiraos interiores da Coruña debería ser abordada de maneira transparente e participativa, a través dun proceso integrador que facilite a implicación da cidadanía no futuro da cidade: entidades veciñais, partidos políticos, axentes sociais e económicos, sectores produtivos, en especial os relacionados coas economías do mar e a innovación, etc.

2º.- A Coruña ten ante si o reto de impulsar un proxecto de transformación urbana que libere á cidade do peso de decisións agora discutibles, debedoras dun contexto socioeconómico xa superado e encamiñadas a perpetuar un modelo de crecemento inadecuado e insostible. Hoxe, a cidadanía esixe a mellora da calidade e sustentabilidade do medio urbano, favorecendo a continuidade e a interrelación entre a cidade, o porto e o mar e gañando novos espazos para a vida cívica á vez que se impulsa a actividade económica e a innovación ao redor das economías vinculadas ao mar.

3º.- A reordenación urbanística e de usos destes terreos, unha vez tramitada conforme á lexislación vixente, debe servir, sempre partindo da base da titularidade pública dos mesmos, para un dobre obxectivo: por unha banda, para despreñar o potencial do porto como motor económico e de emprego para A Coruña e a súa área metropolitana, e doutra banda, para unha maior



integración entre o porto e a cidade. Mellorar a mobilidade na contorna, compensar déficits de espazos libres e equipamentos públicos singulares, conseguir un espazo litoral de calidade arquitectónica e ambiental e mellorar a integración dos seus sistemas funcionais, tanto xerais como locais e metropolitanos son obxectivos que acompañan á reordenación dos peiraos interiores.

4º.- O mantemento, desenvolvemento e mellora do Porto Interior, tradicional motor económico do que xa comeza a ser complemento e reforzo o Porto Exterior de Punta Langosteira, é esencial. Por iso, a reordenación e, no seu caso, a desafectación mínima imprescindible de espazos portuarios, faranse atendendo ás presentes e previsibles necesidades futuras do actual porto e as súas eventuais ampliacións, buscando unha convivencia real entre usos cidadáns e produtivos.

5º.- Pero estas perspectivas, tanto a potenciación do porto e do seu músculo produtivo, como a mellora da calidade urbana, vense limitadas pola débeda contraída pola Autoridade Portuaria para o financiamento do porto exterior de Punta Langosteira, cualificado de interese xeral despois de que A Coruña sufrise tres mareas negras: a do Urkiola, a do Mar Exeo e a do Prestige. A existencia da débeda está a condicionar a planificación e as posibilidades futuras dos peiraos interiores, ao introducir entre os obxectivos da reordenación dos terreos a xeración de plusvalías coas que facer fronte aos créditos contraídos.

6º.- Tras o gran esforzo de investimento realizado, debemos aspirar á plena operatividade do porto exterior, e con iso á obtención de recursos ordinarios por parte da Autoridade Portuaria para garantir os ingresos de explotación suficientes e a solvencia económico-financeira. Isto esixe a execución inmediata da conexión ferroviaria en Punta Langosteira, cuxa Declaración de Impacto Ambiental caducará en xuño de 2021.

7º.- O Pleno da Corporación da Coruña pronunciouse en reiteradas ocasións, cunha maioría crecente até alcanzar a unanimidade, en relación á necesidade de deixar sen efecto os convenios asinados no seu día sobre o destino e os usos dos terreos portuarios, de avaliar a situación actual e a previsión de ordenación dos mesmos, así como a concertación de novas fórmulas de financiamento do Porto exterior e de redución da débeda a ela asociada, buscando formas de xestión dos espazos portuarios que conxuguen a renovación do bordo litoral e a eficiencia das actividades portuarias e económicas en xeral.

8º.- Aínda que é ao Concello da Coruña, en virtude das súas competencias e da súa natureza como administración de proximidade, a quen corresponde liderar o rumbo da cidade, o tamaño do desafío que supón a transformación da fronte marítima urbana fai aconsellable emprender un camiño de diálogo e cooperación entre todas as administracións comprometidas, dun modo ou



doutro, co progreso e o desenvolvemento da Coruña, cabeceira dunha importante área metropolitana e motor económico de Galicia.

Por canto antecede, as partes asinantes conveñen no interese mutuo en formalizar mediante este documento os seguintes

## COMPROMISOS

1º. Establecer un novo marco de colaboración entre as Administracións Públicas asinantes para unha reordenación máis sostible e eficaz dos espazos portuarios, que substitúa ao recollido nos convenios asinados en 2004 e á ordenación prevista na PXOM de 2013, e que se rexa polos principios de colaboración e lealdade institucional, axustándose ao contexto socioeconómico actual e ao novo marco legal, tanto sectorial como urbanístico, nos ámbitos europeo, estatal e autonómico.

2º. Definir as fases e instrumentos de ordenación nos que se debe concretar o proceso de transformación, tendo en conta a complexidade de usos e os condicionantes que afectan ao ámbito no que se integran os peiraos interiores de Calvo Sotelo, Batería e San Diego.

3º. Definir os criterios xerais de reordenación dos terreos portuarios, tendo en conta a súa dimensión metropolitana e as necesidades actuais da cidade: a potenciación de usos produtivos e complementarios relacionados coas economías do mar e orientados á integración e interacción porto-cidade, o reforzo de centralidades urbanas, a protección da fachada histórica da cidade e o patrimonio público, o aumento de espazo libre público e equipamentos públicos en ámbitos singularmente infradotados, así como a mellora da mobilidade viaria, ciclista, ferroviaria e peonil. Todo iso en base ao principio xeral do mantemento da titularidade pública dos terreos, con independencia da forma xurídica do ente que os xestione.

4º.- Para iso, as partes asinantes deste protocolo comprométese a buscar solucións destinadas a liberar á Autoridade Portuaria da Coruña da débeda contraída para a construción do porto exterior, ben mediante a condonación da mesma, ben mediante compensacións ou axudas económicas equivalentes por parte do Estado. Todo iso tendo en conta o horizonte temporal do novo marco comunitario, tanto do réxime de axudas, como do réxime económico-financeiro dos portos. Para ese efecto o Estado comprométese á adopción das medidas lexislativas ou acordos administrativos necesarios durante o exercicio 2021.



5º.- Establecer os criterios específicos de reordenación dos peiraos de Calvo Sotelo e Batería, nos que, mantendo a actual exclusión dos usos residenciais, favorecerase a dotación de espazos libres públicos e equipamentos públicos singulares, respectando a norma de aplicación directa de adaptación á contorna inmediata, á altura máxima das edificacións e procurando a rehabilitación de estruturas preexistentes e a preservación de elementos históricos que forman parte da memoria da cidade.

6º.- Concretar os criterios específicos de reordenación dos peiraos de San Diego, nos que se excluirán os usos residenciais en favor do impulso aos usos produtivos e complementarios relacionados coas economías do mar e a innovación, ademais da xeración de espazos libres, zonas verdes públicas e calquera equipamento público que sexa necesario para o desenvolvemento dun polo de innovación e creación de emprego.

7º.- Licitir o máis axiña posible, durante este ano 2021 e antes de que caduque a Declaración de Impacto Ambiental, a conexión ferroviaria do Porto Exterior de Punta Langosteira, e incrementar a promoción internacional da terminal, o seu nivel de ocupación e de tráfico, así como o financiamento de proxectos estratéxicos con cargo aos Fondos Next Generation da Unión Europea.

8º.- Programar as accións concretas, a través dos instrumentos e os procedementos que resulten procedentes, para levar a cabo as modificacións que resulten necesarias do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), da Delimitación de Espazos e Usos Portuarios do Porto da Coruña e do Plan Especial do Porto, actualmente vixentes, sobre bases consensuadas. Unha vez definidos os obxectivos de revisión e reordenación do espazo portuario que se expoñen e propoñen no presente protocolo, será precisa tamén a modificación e actualización doutros instrumentos portuarios de planificación xeral, como é o caso do Plan Estratéxico do Porto, e financeira, como o vixente Convenio de Normalización Financeira derivado da condonación do nominal do préstamo ou axuda equivalente, e, correlativamente, a súa concreción nos correspondentes Plans de Empresa da Autoridade Portuaria da Coruña, ao que se comprometen Portos do Estado e a Autoridade Portuaria da Coruña.

9º.- En relación cos terreos xa desafectados do dominio público portuario, garantir que os da Solana pasen a ser de dominio público local mediante cesión gratuíta ao Concello da Coruña, conforme á modificación puntual da PXOM aprobada polo Pleno da Corporación o 16 de xaneiro de 2020, e que os do Hotel Finisterre sexan, ao termo da actual concesión, unha instalación hostaleira en solo de titularidade pública.



10º - Convidar á Deputación da Coruña, ao Ministerio de Industria e no seu caso a outras administracións relacionadas a sumarse ao proceso de reurbanización e recuperación dos peiraos interiores da Coruña.

11º.- Impulsar a creación dun consorcio ou ente público de xestión dos terreos que sexa necesario desafectar, presidido polo Concello da Coruña e do que formen parte as distintas Administracións (Concello da Coruña, Xunta de Galicia, Ministerio de Fomento, Deputación Provincial da Coruña) e entes públicos (Portos do Estado, Autoridade Portuaria, ADIF) con vontade de permanencia no tempo e sobre bases e determinacións flexibles, de modo que se garanta, non só a titularidade pública dos terreos, senón a iniciativa e o control públicos da súa transformación e xestión dun novo horizonte litoral. O Concello da Coruña terá garantida a participación suficiente para a súa execución.

12º.- O sistema de actuación das zonas desafectadas será de iniciativa e xestión pública, con independencia dos usos específicos de cada zona, xa sexan estes dotacionais públicos, produtivos ou complementarios aos mesmos. As administracións asumen o compromiso de contribuír, na proporción que se acorde, ao financiamento neto dos gastos de urbanización necesarios, de acordo coa memoria de sustentabilidade económica das actuacións, e en coherencia cos obxectivos, usos dos terreos, e fases temporais das mesmas. Para ese efecto, e entre outras, solicitarase financiamento dos fondos Next Generation da Unión Europea.

13º.- Aprobar un plan de acción debidamente calendarizado e crear o máis axiña posible un Grupo de Traballo ou Comisión de Seguimento, coordinado polo Concello da Coruña, para o impulso das accións previstas neste protocolo. Para ese efecto, establecer un prazo estimado de seis meses para formalizar inicialmente o Convenio interadministrativo que substitúa aos Convenios de 2004 e cos obxectivos indicados no presente documento.

14º.- Garantir e asegurar a máxima participación cidadá, transparencia e información pública en todo o proceso.

O presente protocolo subscríbese ao amparo do disposto no parágrafo 2º do apartado 1 do artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e extinguirase por expresa manifestación de calquera dos asinantes ou, no seu caso, cando se cumpran os obxectivos para os cales se asinou.



En proba de conformidade, asinan o presente protocolo, por triplicado exemplar, no lugar e data antes sinalados.

Concello da Coruña  
Xunta de Galicia  
Autoridade Portuaria da Coruña  
Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF)  
Puertos del Estado